



CONSULTA PRELIMINAR AO MERCADO (DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL) SOBRE CUSTOS ECONÓMICOS EN MATERIA DE SERVIZOS DE MEDIOS AÉREOS DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

O número medio de incendios do ano en Galicia fai que a Administración necesite dotarse, dentro do seu dispositivo de medios aéreos que de forma rápida poidan acudir aos incendios e participar na súa extinción. Debido á heteroxeneidade que presenta a nosa orografía, e ás distintas tipoloxías de incendios, é preciso dispoñer de medios aéreos de distintos tipos, orientados cada un a un tipo de misións distintas sobre o lume.

Ademais, para desenvolver estas funcións empréganse tamén medios aéreos nas tarefas de vixilancia e coordinación dos labores de extinción dos incendios forestais que se producen na nosa Comunidade Autónoma.

A experiencia destes anos indica que o emprego de helicópteros en todas estas tarefas ten resultados moi positivos. O helicóptero é un medio que, debido á súa mobilidade, pode chegar practicamente ata calquera punto da nosa xeografía sen depender das características ou do estado dunha estrada ou dunha pista forestal.

Todos estes medios aéreos precisan persoal especializado e autorizado para a realización dos labores de pilotaxe, mantemento, reparación, etc. Para dispoñer destes medios é necesaria, a contratación dun servizo de frete total de aeronave, que poñería a disposición da Consellería do Medio Rural a aeronave completamente equipada e tripulada.

A Consellería do Medio Rural, de conformidade co Decreto 166/2015, do 13 de novembro, para o que se aproba a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración galega competente na prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, a través da Dirección Xeral de Ordenación Forestal.

Anteriormente a Consellería do Medio Rural convocou un procedemento de licitación dun servizo de prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos contra incendios forestais na que se presentou unha única oferta a cal se declarou inadmisíble.



No momento actual a Consellería pretende licitar de novo o devandito servizo de prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos contra incendios forestais cun helicóptero cuxas características principais se describen no Anexo I.

De acordo co artigo 41 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública: *“Antes de iniciar un procedemento de contratación, os poderes adxudicadores poderán realizar consultas do mercado con vistas a preparar a contratación e informar os operadores económicos acerca dos seus plans e os seus requisitos de contratación.*

Para iso, os poderes adxudicadores poderán, por exemplo, solicitar ou aceptar o asesoramento de expertos ou autoridades independentes ou de participantes no mercado, que poderá utilizarse na planificación e o desenvolvemento do procedemento de contratación, sempre que o devandito asesoramento non teña por efecto falsear a competencia e non dea lugar a vulneracións dos principios de non discriminación e transparencia.”

Como consecuencia do resultado da devandita licitación anterior considérase agora necesario, por parte desta Consellería, realizar unha sondaxe ao mercado de maneira transparente e pública para os efectos de poder definir mellor o escenario económico deste tipo de contratacións, solicitando para iso información actualizada sobre os prezos de mercado.

Por todo iso, con base nesta Directiva, e para os efectos de poder preparar futuras contratacións, a Consellería do Medio Rural considera de interese promover unha Consulta Pública Preliminar co obxectivo de solicitar información ao mercado para definir mellor os aspectos económicos deste tipo de contratacións como paso previo ás licitacións destes servizos e para que este tipo de contratacións consiga os resultados desexados, asegurando unha eficiente utilización dos fondos públicos e sempre en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto.

Obxecto

Esta consulta pública é aberta e ten como obxecto solicitar información sobre as estruturas de custos reais que supón a prestación do servizo un helicóptero con destino á



prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais (non a actividades de extinción de incendios).

A descrición das características do helicóptero que formará parte do servizo recóllense no Anexo I desta consulta, a modo de exemplo, para os efectos de que os operadores económicos o teñan en conta como referencia para expor e facilitar información sobre os aspectos económicos.

Dada a evolución dos prezos, coa presente consulta preténdese obter unha visión máis actualizada dos valores económicos de servizo. A finalidade da consulta é obter información sobre custos reais, por iso non se incorporará nas propostas enviadas posibles custos comerciais ou beneficios industriais.

Participantes

Esta consulta diríxese aos operadores económicos no ámbito aéreo con actividades de loita contra incendios forestais e que utilicen para iso helicópteros.

A participación na consulta non comporta por parte da Administración ningunha obrigação de aceptación da información presentada.

A Administración dará aos participantes un tratamento igualitario e non discriminatorio, e axustarase a súa participación ao principio de transparencia.

Forma de participación na consulta

Para homoxeneizar e facilitar aos participantes o envío da estrutura destes custos reais, (sen indicación do beneficio industrial nin custo comercial) inclúese no Anexo I unha ficha que deberá ser cumprimentada para o efecto e enviada ao correo electrónico mediorural.montesgalicia@xunta.gal.

Prazo

O prazo para presentar a estrutura de custos reais será de 7 días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte da publicación desta consulta na páxina web da Consellería do Medio Rural (<http://www.xunta.gal/medio-rural/transparencia>).



Aplicación dos principios da lexislación contractual

A participación ou non participación na consulta e os intercambios de información cos participantes non poderán dar lugar a infraccións dos principios comunitarios de non discriminación e transparencia nin ter como efecto restrinxir ou limitar a competencia, nin outorgar vantaxes desleais ou dereitos exclusivos nos eventuais procedementos de contratación que se poidan convocar posteriormente.

A estes efectos, a Consellería do Medio rural tomará medidas adecuadas para garantir o mantemento dos indicados principios tanto no desenvolvemento desta consulta como en calquera procedemento ulterior de contratación, coidando que os pregos se definan respectando o disposto na lexislación de contratos do sector público.

Análise da consulta

A Consellería do Medio rural estudará e analizará a información recibida que se presente e poderá utilizala no proceso de planificación e desenvolvemento de procedementos de contratación que teñan por obxecto os servizos obxecto de consulta.

A Consellería do Medio rural almacenará os datos de contacto dos participantes no procedemento. Estes datos incluíranse necesariamente no Anexo I, no que se fará constar, o seu consentimento expreso e a aceptación das condicións desta consulta, incluída a posibilidade da Administración de difundir que participaron na consulta. Así mesmo, a Consellería do Medio rural poderá publicar as conclusións extraídas da mesma.

A participación nesta Consulta Preliminar non outorgará dereito nin preferencia algunha respecto da adxudicación dos contratos que puidesen celebrarse con posterioridade e como consecuencia dela.